



Segundo o disposto na Resolución do 29 de setembro de 2023, da dirección xeral de ordenación e innovación educativa pola que se regula a xestión de probas de acreditación de competencia lingüística en linguas estranxeiras para o alumnado que curse estudos en centros públicos dependentes da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades durante o curso 2023/2024, en concreto no seu punto 4.7, que di:

*7. Se a dotación económica outorgada ao centro beneficiario na resolución definitiva resultase insuficiente para cubrir todas as demandas do alumnado interesado os centros educativos deberán establecer os criterios de selección do alumnado aspirante ás probas que consideren máis oportunos. Estes criterios, dos que se informará ao claustro e que se aprobarán no consello escolar, serán transparentes, públicos e obxectivos. Unha vez realizada a selección en acto público, levantarase acta da mesma e custodiarase no centro educativo.*

E logo de publicada a resolución provisional de centros beneficiarios, nas que ao IES Leliadoura correspondenlle 500 € para alumnado de 2º de bacharelato. Tendo en conta que esta cantidade só chega para que 5 das 6 persoas preinscritas poidan facer as probas, procede establecer os seguintes criterios de selección:

1º) Por non ter participado nestas probas realizadas no noso centro en cursos anteriores: 2 puntos

2º) Por ter cursado ensinanzas de sección bilingüe no noso centro en cursos anteriores: 2 puntos por cada ano cursado.

3º) Pola nota de cualificación na materia de inglés en 1º de bacharelato:

- Por cualificación de sobresaliente (9 ou 10): 3 puntos
- Por cualificación de notable (7 ou 8): 2 puntos
- Por cualificación de ben (6): 1 punto
- Por cualificación de suficiente (5): 0,5 puntos.

4º) En caso de empate entre 2 ou máis candidatos/as teranse en conta as puntuacións de cada un dos apartados anteriores por ese orde.

5º) A comisión encargada da baremación dos/das candidatos/as estará formada por:

- O director ou persoa en quen delegue.
- O coordinador da sección bilingüe.
- Un representante do claustro no Consello Escolar.
- Un representante dos pais/nais no Consello Escolar.
- Un representante do alumnado no Consello Escolar.